

Alerta ISSGA,
pode haber
amianto

a

**ATENCIÓN
CONTIENE
AMIANTO**

Respirar el polvo
de amianto es
peligroso para
la salud

XUNTA DE GALICIA



Alerta ISSGA, pode haber amianto

Edita:

Instituto de Seguridade
e Saúde Laboral de Galicia (Issga)
(Edificio IGAPE) San Lázaro, s/n. 3ª Planta
15703 Santiago de Compostela

<http://issga.xunta.es>

<http://issga.xunta.gal>

Santiago de Compostela, 2016

Autoría:

Lucía Ferrón Vidán
Técnica superior do Issga e doutora en Bioloxía
Lara Trujillo Jiménez
Enxeñeira de edificación e arquitecta técnica. EDILAR

Imaxes:

Páx. 9 e 18 cortesía de IGR S.A. (indicadas a pé de foto).

Páx. 9: Cuadernos de Arquitectura, 4 de 1945 (indicada a pé de foto).

Páx. 11, 12, 13 e 14: INSHT, Nota Técnica de Prevención 1009 e "Guía Técnica para la evaluación y prevención de los riesgos relacionados con la exposición al amianto" (indicado a pé de foto).

Mención especial a Joan de Monserrat Vallvé (técnico certificado para inspección e diagnóstico de materiais con amianto en edificios e instalacións segundo Norma AFNOR NFX 46-020), pola abundante documentación gráfica facilitada.

Deseño e maquetación:

www.analites.es

Impresión:

Rodi Artes Gráficas, S.L.

Depósito Legal:

C 1993-2016

ÍNDICE

CAPÍTULO

PÁXINA

1	O amianto e os seus perigos	4
2	Onde podes atopar amianto?	6
3	Os diferentes materiais con amianto e os seus riscos	7
4	Como me podo protexer?	15
5	Lexislación básica Bibliografía e consulta	19



© Issga. Xunta de Galicia.

Asegúrate_Alerta Issga: pode haber amianto

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:

<http://issga.portal/contido/documentacion/publicacions/>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 4.0 España de Creative commons. Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES



Alerta ISSGA, pode haber amianto

O uso e a comercialización do amianto están prohibidos dende o ano 2002 pero non é obrigatorio eliminar o que está colocado se non chegou ao final da súa vida útil.

Sen dúbida ningunha os maiores riscos do amianto na actualidade sófrenos as persoas traballadoras que participan nas tarefas de desamiantado, pero tamén todas aquelas que, de maneira inesperada, se poden atopar con amianto sen ter suficiente formación, en especial en tarefas de mantemento e reformas de edificios e instalacións, así como de buques ou trens.

Con esta publicación o Issga quere ofrecer unha ferramenta que sirva de axuda e dea unhas pautas básicas de actuación para evitar que estes materiais atopados de maneira inesperada poidan poñer en risco as persoas traballadoras ou terceiras persoas por descoñecemento da posible presenza de amianto ou por actuar de maneira imprudente.

Agardamos así axudar a mellorar a información e a concienciar o empresariado e o persoal traballador galego, sobre os riscos que poden xerar os materiais con amianto instalados e a súa prevención.

A publicación pódese descargar no enderezo:

<http://issga.xunta.es>

<http://issga.xunta.gal>

Neste enderezo pódese atopar outro material formativo, informativo e de divulgación en prevención de riscos laborais, dirixido a diferentes sectores e actividades.

1. O amianto e os seus perigos

Que é o amianto?



É UN MINERAL FIBROSO

Polas súas excelentes propiedades e baixo custo foi incorporado a moitos e diversos materiais.

Proporcionaba aos materiais resistencia ao corte, á deterioración ou á abrasión, illamento térmico ou acústico, resistencia á humidade, á calor ou illamento eléctrico.

No ano 2002 prohibiuse definitivamente o amianto en España.

Todos os edificios/instalacións construídos ou reformados antes do 2002 poden ter amianto.




en diferentes materiais illantes.

en diversos compoñentes de equipos ou maquinaria.

en numerosos materiais de construción e acabados.

Por que é perigoso?



Porque representa un dano para a saúde. As súas diminutas fibras pasan ao aire que respiramos e poden chegar ao máis profundo dos nosos pulmóns causando danos irreparables, e nos peores casos, a morte.

Ténselle chamado o inimigo invisible porque as súas fibras, que non se poden apreciar nin notamos nada no momento de respiralas, causan enfermidades, sobre todo de pulmón, que poden tardar en aparecer 10, 20, 30 e mesmo 40 anos.

AS CONSECUENCIAS DO QUE OCORREU NO PASADO

En Europa hai miles de persoas que traballaron con amianto no pasado que están enfermas ou faleceron por respirar as súas fibras.

En Galicia en concreto, o sector naval é o que ten máis traballadores afectados.

Estudos científicos previron que continuará habendo mortes por cancro de pleura (unha das enfermidades do amianto) ata o ano 2040.



1. O amianto e os seus perigos

Por que continúa sendo un problema na actualidade?

Temos toneladas de **materiais con amianto (MCA)** formando parte de edificios e instalacións, buques e trens.

Os **MCA instalados poden ser un risco para a saúde se soltan as súas fibras ao ambiente**. Isto sucede sobre todo cando se manipulan.

Cantas máis fibras entren nos teus pulmóns, maior será a probabilidade de que chegues a padecer unha enfermidade. Pero **ollo!, déronse casos nos que poucas fibras provocaron enfermidade**.



Non debemos permitir que por descoñecemento e imprudencia nos expoñamo ao amianto.

Aprendamos dos erros do pasado!

Que traballadores poden verse afectados?



Os especializados en retirar materiais con amianto.



Todos aqueles que na súa actividade habitual poidan atoparse inesperadamente con estes materiais.



Isto pódelle suceder ao que traballa para unha empresa de construción especializada en reformas, ao persoal de mantemento dun edificio, a un fontaneiro...


2. Onde podes atopar amianto?



Para identificar estes materiais é importante:

- Coñecer **que tipo de materiais** poden conter amianto
- Cal é o seu uso e **onde** podes atopalos
- Saber a súa data de instalación e a data na que se prohibiu o amianto para ese material concreto
- Saber que só un laboratorio especializado pode determinar con exactitude a existencia ou non de amianto nun material

3. Os diferentes materiais con amianto e os seus riscos



A simple presenza dun material con amianto non significa que o ambiente estea contaminado

A posibilidade de que se solten fibras ao ambiente vai depender:

Da **consistencia do material**: os materiais que se esmizan con facilidade soltarán máis facilmente.

Do **degradados que esean os materiais** ben sexa polo paso do tempo, o propio uso ou as condicións do ambiente no que están. O material perde as súas propiedades iniciais e agora rompe ou esmiúzase con facilidade.

Da manipulación dos materiais: rompelos, cortalos ou furalos son prácticas que liberan moitas fibras.



	Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
1	Amianto a granel (fibras soltas, borra de amianto)	Illamento térmico e absorbente acústico. • Recheo de cámaras de aire de paredes, teitos, cubertas... • Revestimento de fornos, caldeiras, estufas, radiadores...	1994	SI
2	Proxectados, flocados e morteiros	• Protección contra o lume de estruturas de edificios, divisións cortalumes, percorridos de evacuación, ocos de ascensores. • Illante térmico en cubertas e fachadas, (proxectado en cámaras ou como morteiro exterior). • Absorbente acústico en teatros, estudos de gravación, cinemas... • Control de humidades (teitos de piscinas...)	1982 Aerosol 1984 Proxectado 1994 Morteiro	Si (algúns morteiros duros non desprenden fibras se están en moi bo estado e non se manipulan, pero si desprenden fibras na manipulación e coa deterioración).
3	Placas prefabricadas	Illamento térmico, acústico e contra o lume. • Falsos teitos, tabiques divisorios, condutos de impulsión de aire, de evacuación de fumes, repisas e illamentos en radiadores e chemineas, recheo de portas cortalumes, illamento de cadros eléctricos e apaga-faíscas...	1994	SI
4	Cartóns e papeis	Illamento térmico, acústico e eléctrico. • Separadores illantes, recheo de xuntas e ocos, xuntas de cartón-amianto, illamento eléctrico e térmico de aparellos eléctricos...	1994	SI
5	Pinturas e vernices	Revestimentos resistentes ao desgaste. En paredes, zócalos altos en corredores, pinturas para sinalizar pavimentos...	1989	• Non desprende fibras se está en moi bo estado e non se manipula. • Si desprende fibras na manipulación e coa deterioración.
6	Betumes e asfaltos	Impermeabilización. Resistencia ao desgaste. • Feltros e pastas para impermeabilizar tellados e azoteas, cubrir unións, chapas de teitar... • Capa de rodaxe en asfaltos de estradas.	1994 (agás revestimento de estradas con menos do 2% fibras ata o 2002)	• Non desprende fibras se está en moi bo estado e non se manipula. • Si desprende fibras na manipulación e coa deterioración.
7	Compostos selantes, masillas e adhesivos	• Masillas selantes en unións de condutos, ventás, pavimentos... • Adhesivos de pavimentos de vinilo, de baldosas e azulexos...	1994	• Non desprende fibras se está en moi bo estado e non se manipula. • Si desprende fibras na manipulación e coa deterioración.
8	Amianto vinilo	Resistencia ao desgaste. • En pavimentos, zócalos, esquinas e cantos de chanzos. • O material adoitábase fornecer co adhesivo de agarre que tamén levaba amianto.	1994	Non (so desprende en operacións moi agresivas como a extracción do adhesivo).
9	Tecidos de amianto	Calorifugados, protección ignífuga, estanquidade en unións, illamento eléctrico. • Corda trenzada e téxtiles para calorifugados de canalizacións de calefacción e auga quente, de caldeiras, turbinas e fornos. • Cordón para selado de portas de fornos e caldeiras. • Xuntas de estanquidade en calderais e canalizacións. • Mantas, cortinas e panos ignífugos. • Cintas de illamento eléctrico, apaga-faíscas en cadros eléctricos.	1994	SI
10	Elementos de fricción	Resistencia ao desgaste e calentamento. • En freos de ascensores e montacargas. • En zapatas, discos de embrague e pastillas de freo de vehículos de motor.	2002	Si co desgaste de uso

Tipo de material/ usos	Observacións	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
1. Placas onduladas ou planas para teitos e recubrimiento de superficies, placas de fachada, tellas	Uso moi frecuente ata a data de prohibición.	2002	• Non desprende fibras se está en bo estado e non se manipula. • Si desprende fibras na manipulación e coa deterioración.
2. Bovedillas de fibrocemento			
3. Baixantes de augas residuais, canlóns, canalizacións de alta presión...			
4. Depósitos de auga e cisternas			
5. Placas de divisións interiores			
6. Condutos de aire acondicionado, de fumes e ventilación, chemineas e sombreiros			
7. Xardineiras, placas decorativas, láminas fixas de persianas, bancos, balaustradas...			

3. Os diferentes materiais con amianto e os seus riscos

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
----------------------------	---------------------------------	--------------------	----------------------------------

1 Amianto a granel (fibras soltas, borra de amianto)


- Illamento térmico e absorbente acústico.
- Recheo de cámaras de aire de paredes, teitos, cubertas...
- Revestimento de fornos, caldeiras, estufas, radiadores...

1994

SI



Recheo en piso (baixo taboado)



Amianto solto no interior dun radiador



Amianto solto en cámara de cuberta¹

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
----------------------------	---------------------------------	--------------------	----------------------------------

2 Proxectados, flocados e morteiros

- Protección contra o lume de estruturas de edificios, divisións cortallumes, percorridos de evacuación, ocos de ascensores.
- Illante térmico en cubertas e fachadas, (proxectado en cámaras ou como morteiro exterior).
- Absorbente acústico en teatros, estudos de gravación, cinemas...
- Control de humidades (teitos de piscinas...)

1982

Aerosol

1984

Proxectado

1994

Morteiro

SI (algúns morteiros duros non desprenden fibras se están en moi bo estado e non se manipulan, pero si desprenden fibras na manipulación e coa deterioración).

Proxectado ignífugo



Proxectado sobre viga metálica




Retirada manual de morteiro de amianto²

1. Imaxe parcial de publicidade de "Juan Vinyas, Ingeniero Industrial y Cia, S.A.", *Cuadernos de Arquitectura*, 4 de 1945.
2. (Cortesía IGR S.A.)


3. Os diferentes materiais con amianto e os seus riscos

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
3 Placas prefabricadas	Illamento térmico, acústico e contra o lume Falsos teitos, tabiques divisorios, condutos de impulsión de aire, de evacuación de fumes, repisas e illamentos en radiadores e chemineas, recheo de portas cortalumes, illamento de cadros eléctricos e apaga-faíscas...	1994	SI


Paneis de falso teito



Detalle de panel de falso teito



Interior de porta cortalume



Apaga-faíscas en cadro eléctrico

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
4 Cartóns e papeis	Illamento térmico, acústico e eléctrico. Separadores illantes, recheo de xuntas e ocos, xuntas de cartón-amianto, illamento eléctrico e térmico de aparellos eléctricos...	1994	SI



Panel illante enriba do radiador



Panel illante detrás do contador



Xuntas de cartón-amianto

3. Os diferentes materiais con amianto e os seus riscos

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
5 Pinturas e vernices	Revestimentos resistentes ao desgaste. En paredes, zócalos altos en corredores, pinturas para sinalizar pavimentos...	1989	• Non desprende fibras se está en moi bo estado e non se manipula. • Si desprende fibras na manipulación e coa deterioración.



Pintura con amianto



Revestimento decorativo

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
6 Betumes e asfaltos	Impermeabilización. Resistencia ao desgaste. • Feltros e pastas para impermeabilizar tellados e azoteas, cubrir unións, chapas de teitar... • Capa de rodaxe en asfaltos de estradas.	1994 (agás revestimento de estradas con menos do 2 % fibras ata o 2002)	• Non desprende fibras se está en moi bo estado e non se manipula. • Si desprende fibras na manipulación e coa deterioración.



Tea asfáltica



3. Os diferentes materiais con amianto e os seus riscos

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
7 Compostos selantes, masillas e adhesivos	• Masillas selantes en unións de condutos, ventás, pavimentos... • Adhesivos de pavimentos de vinilo, de baldosas e azulexos...	1994	• Non desprende fibras se está en moi bo estado e non se manipula. • Si desprende fibras na manipulación e coa deterioración.



Masilla selando bordos




Masilla selante en unión (ventá)



Masilla en xunta de dilatación

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
8 Amianto vinilo	Resistencia ao desgaste. • En pavimentos, zócalos, esquinas e cantos de chanzos. • O material adoitábase fornecer co adhesivo de agarre que tamén levaba amianto.	1994	Non (só desprende en operacións moi agresivas como a extracción do adhesivo)



Lastras en pavimento



En pavimento e zócalo¹

1. (INSHT: NTP 1009)

3. Os diferentes materiais con amianto e os seus riscos

Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
9 Tecidos de amianto	Calorifugados, protección ignífuga, estanquidade en unións, illamento eléctrico. · Corda trenzada e téxtiles para calorifugados de canalizacións de calefacción e auga quente, de caldeiras, turbinas e fornos. Cordón para selado de portas de fornos e caldeiras. · Xuntas de estanquidade en calderais e canalizacións. · Mantas, cortinas e panos ignífugos. · Cintas de illamento eléctrico, apaga-faíscas en cadros eléctricos.	1994	SI



Corda trenzada (calorifugado)



Guantes resistentes á calor¹



Cordón de amianto que sela a porta²




Calorifugado en conduto de evacuación de fumes industriais



Tecido de amianto (calorifugado)



Material con amianto (MCA)	Usos e localizacións principais	Ano de prohibición	Desprende fibras con facilidade?
10 Elementos de fricción	Resistencia ao desgaste e quentamento. · En freos de ascensores e montacargas. · En zapatas, discos de embrague e pastillas de freo de vehículos de motor.	2002	Si co desgaste de uso



Zapatas de freo de motor de ascensor.



Detalle de zapatas de freo.

3. Os diferentes materiais con amianto e os seus riscos

aSEGÚRATE ISSGA

FIBROCEMENTO CON AMIANTO

Observacións

Uso moi frecuente ata a data de prohibición

Ano de prohibición

2002

Desprende fibras con facilidade?

- Non desprende fibras se está en bo estado e non se manipula.
- Si desprende fibras na manipulación e coa deterioración

Tipo de material/ usos

1 Placas onduladas ou planas para teitos e recubrimiento de superficies, placas de fachada, tellas

2 Bovedillas de fibrocemento


3 Baixantes de augas residuais, canlóns, canalizacións de alta presión...

4 Depósitos de auga e cisternas

5 Placas de divisións interiores

6 Condutos de aire acondicionado, de fumes e ventilación, chimeneas e sombreiros

7 Xardineiras, placas decorativas, láminas fixas de persianas, bancos, balaustradas...



4. Como me podo protexer?

O que debes saber

Para non te poñer en perigo ou poñer en perigo a outros:


- Debes saber identificar aqueles materiais que poderían conter amianto
- Debes ter coñecementos básicos sobre como manipular estes materiais para non cometer imprudencias



- Construído ou reformado entre 1965-1985
- Estrutura: piares e vigas de aceiro.
- Uso do edificio: pública concorrencia (oficinas, hospitais, hoteis, teatros, cinemas...)
- Que contén instalacións de: calefacción central, produción centralizada de auga quente sanitaria, talleres, fornos.

Antes de facer un traballo debes contemplar a posibilidade de que o edificio, instalación (tamén os buques e trens) conteñan materiais con amianto.

Ademais do fibrocemento, que é o máis frecuente, pode haber outros materiais con amianto (consulta o apartado 3).



E moito máis probable que conteña materiais con amianto que liberan fibras con facilidade (proxectados, calorifugados, cartóns e placas prefabricadas)

4. Como me podo protexer?

Boas prácticas



NON

Non manipules nunca materiais que soltan as súas fibras con facilidade. Requiren usar técnicas e proteccións especiais para facelo sen risco. Debe facelo persoal especializado.

Os materiais que non soltan as súas fibras con facilidade, como o fibrocemento con amianto, tamén poden supoñer un risco se non se manexan correctamente.



EXEMPLOS DE BOAS PRÁCTICAS

- Sinalizar aqueles materiais que sabemos que conteñen amianto usando a etiqueta correspondente (ver páxina seguinte).
- Non romper, cortar ou tradear os materiais. Retirar pezas enteiras (ex: pranchas de fibrocemento que se desaparefusan e retiran intactas, tubos que se desmontan...)
- Utilizar só ferramentas manuais
- Humedecer previamente os materiais que vaiamos manipular con auga enxaboada.
- Protexer a zona de traballo cunha lámina plástica e retirala ao acabar
- Evitar o acceso doutras persoas mentres se traballa
- Usar bolsas de polietileno resistente ou similar para introducir nelas as pezas que haxa que retirar e sinalizalas coa etiqueta de amianto



EXEMPLOS DE MALAS PRÁCTICAS

- Romper os materiais para desmontalos ou transportalos reducindo así o volume
- Limpar utilizando aire comprimido ou auga a presión ou panos secos
- Varrer ou aspirar o po con aspiradoras convencionais
- Usar ferramentas de alta velocidade, como diferentes tipos de serras radiais, para cortar materiais

4. Como me podó protexer?

aSEGÚRATE ISSGA

Boas prácticas



Etiqueta que identifica os artigos ou envases que conteñen amianto

Sempre é recomendable utilizar unha máscara para po desbotable (tipo FFP3) cando se manipulan materiais con amianto, aínda que os materiais se manexen enteiros sempre pode ocorrer calquera incidencia

LEMBRA, MELLOR PREVER!



PROTECCIÓN INDIVIDUAL BÁSICA



As invisibles fibras de amianto apéganse á roupa e ao pelo e despois vanse desprendendo e contaminando outras zonas, mesmo a túa propia casa. Cando se prevexan posibles desprendementos de fibras deben usarse monos de protección desbotables (tipo 5, «impermeable a partículas»)



Se tes dúbidas sobre se un material contén ou non amianto sempre é mellor asumir que o contén e actuar en consecuencia

Cando os materiais soltan fibras con facilidade ou no caso de ser necesario realizar unha intervención agresiva (perforalos, cortalos, rompelos ...) as técnicas e proteccións son moito máis complexa: **SÓ DEBEN FACER ESTES TRABALLOS AS EMPRESAS AUTORIZADAS CON PERSOAL DEBIDAMENTE FORMADO E ADESTRADO**



4. Como me podo protexer?

Empresas autorizadas

Só as empresas autorizadas poden facer traballos de manipulación e retirada de materiais con amianto ou calquera outro traballo que poida provocar que se liberen fibras (traballos de mantemento, reparación...)

Para que unha empresa estea autorizada **debe cumprir dous requisitos:**



1. Estar inscrita no **Rexistro de empresas con risco por amianto (RERA)**
2. Ter un **plan de traballo aprobado pola autoridade laboral** para o traballo que vaia realizar

O plan de traballo describe con detalle:

- O que se vai a facer (retirada, reparación, mantemento...) lugar e data, e de que tipo e cantidade de material se trata.
- O método concreto de traballo, e todas as medidas de prevención e protección que se vaian a aplicar.
- Como se xestiona o residuo xerado.
- Tamén os traballadores que intervirán.

Todos os traballadores deben recibir formación específica e posuír o certificado de aptitude médica para traballos con amianto

En Galicia xestiona as autorizacións o Issga.

Diríxete a nós se tes calquera dúbida relacionada cos traballos con amianto:
<http://issga.xunta.es>
<http://issga.xunta.gal>



OS MATERIAIS CON AMIANTO SON RESIDUOS PERIGOSOS E DEBEN SER TRATADOS COMO TALES

En Galicia o portal SIRGa da Consellería con competencias no medio ambiente (<http://sirga.cmati.xunta.es>) ofrece información sobre vertedoiros, transportistas e puntos de recollida autorizados.

Deben ser debidamente embalados e etiquetados para o seu transporte como residuo perigoso.

Lexislación básica

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. (BOE Nº 269 de 10/11/1995)

Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto. (BOE nº 86 de 11/04/2006)

Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. (BOE nº 181 de 29/07/2011)

Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. (BOE nº 256 de 25/10/1997)

ORDE do 7 de decembro de 2001 pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos. BOE nº 299 de 14/12/2001 (prohibición do amianto en España)

REGULAMENTO (CE) nº 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos. DOUE L 396 de 30/12/2006 (e posteriores modificacións) (anexo XVII restrición, apéndice 7 etiqueta)
<http://goo.gl/AS5sWe>

Orden MAM/304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos. (BOE nº 43 de 19/02/2002) (modificada pola Decisión da Comisión 2014/955/UE)

Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. (BOE nº 38 de 13/02/2008)

Bibliografía e consulta

Guía Técnica para la evaluación y prevención de los riesgos relacionados con la exposición al amianto (RD 396/2006). Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. (2008)

Col·legi d'Aparelladors i Arquitectes Tècnics de Barcelona e Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. Prospección sobre la presencia de amianto o de materiales que lo contengan en edificios. Institut d'Estudis de la Seguretat. Fundación para la Prevención de Riesgos Laborales. Parte 1a: Informe, diciembre de 2001 y Parte 2a: Identificación práctica de amianto en edificios y metodologías de análisis. Disponibles en: <http://www.edilar.net/amianto>

Trujillo L Freixa A y Varela I. materiales con amianto en viviendas: guía práctica (I). Notas Técnicas de Prevención nº 1006. Año 2014. Madrid: INSHT.

Trujillo L Freixa A y Varela I. materiales con amianto en viviendas: guía práctica (II). Notas Técnicas de Prevención nº 1007. Año 2014. Madrid: INSHT.

Arroyo MC, Zufía G, Materiales con amianto: pavimentos de amianto-vinilo. Técnicas de Prevención nº 1009. Año 2014. Madrid: INSHT.

López-Abente G, García-Gómez M, Menéndez-Navarro A, Fernández-Navarro P, Ramis R, García-Pérez J et al. Pleural cancer mortality in Spain: time trends and updating on predictions up to 20120. BMC Cancer. 2013; 13:528



aSEGÚRATE 

Alerta iSSGA,
pode haber
amianto